



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-paisaxe



Grao en Paisaxe



www.usc.gal



Paisaxe

Os Graduados/as en Paisaxe poderán desempeñar tarefas complexas no proceso de intervención sobre o territorio para planificar e crear espazos mais sostibles e atractivos; acometer traballos de análise e desenvolver solucións creativas para resolver os problemas e retos no ámbito da paisaxe e integrar as actuacións previstas de maneira que se salvagarden os valores paisaxísticos, realzando o carácter do medio. Para elo coñecerán os materiais e técnicas mais axeitadas en cada contexto para identificar capacidades e riscos do territorio.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Rúa Benigno Ledo
27002 Lugo
eps.secretaria.direccion@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudios/graos/enxenaria-arquitectura/grao-paisaxe
+34 982 823 011

Presentación

Interuniversitario: Si

Duración: 4 anos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 50

Nota de corte: 5,454

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación, ten un total de 240 créditos distribuídos en 60 de formación básica, 150 de materias obrigatorias, 6 optativos, 6 en prácticas externas obrigatorios e 18 no Traballo Fin de Grao.

A formación integra materias e disciplinas moi diversas: bioloxía, economía, expresión gráfica, xeografía, xeoloxía, informática, matemáticas e estatística aplicada, composición, proxectos e urbanismo, xeomática e topografía, arquitectura, medio ambiente, botánica, edafoloxía, tratamento vexetal, arte, historia, ecoloxía, análise do medio, hidroloxía, construción e instalacións, estruturas e socioloxía. Destacar a importancia das 6 materias de talleres de aplicación transversal dos coñecementos.

A docencia se articula en dúas sedes buscando a máxima coherencia académica, deste xeito se programa a docencia del 1º e 2º curso na EPS de Enxeñaría (Campus Terra, Lugo) con desprazamentos programados e organizados á ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña). Os cursos de 3º e 4º curso se desenvolven na ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña). Ademais, se contempla a participación de profesorado do Departamento de Xeografía da USC.

Con este obxectivo se establece a obriga do estudiantado de matricularse e cursar (aínda quen non se superen) todas as materias impartidas na sede da EPS de Enxeñaría (Campus Terra, Lugo) antes de acceder ao terceiro curso con sede na ETSAC (Campus Sostenible, A Coruña). Non e

obrigatorio superar a totalidade das materias, solo cursalas. Este requisito permite articular solucións concretas (traballos complementarios, titorías, correccións de traballos realizados, etc) para unha vez cursada e no caso de non ter superada unha materia permitir a súa superación desde o Campus de A Coruña.

Mobilidade e prácticas

Tanto a Escola Técnica Superior de Arquitectura (UDC) como a Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (USC) dispoñen de numerosos convenios con universidades europeas o que facilita a realización de programas de intercambio (Erasmus, Bilaterais ou SICUE).

As Practicas externas son obrigatorias para o que se dispón dun convenio con diferentes empresas, organismos públicos e coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Ademais, se contempla a realización de prácticas extracurriculares.

